

## ANEXO III

## Epígrafes do IAE subvencionables

641.-Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642.-Comercio polo miúdo de carnes e miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.

643.-Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.

644.-Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.

645.-Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas as clases.

647.1.-Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.

647.2.-Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.

647.3.-Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas encontre comprendidos entre 120 e 399 metros cadrados.

651.-Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

652.2.-Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.

652.3.-Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.

652.4.-Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.

653.-Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

654.5.-Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria.

657.-Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.2.-Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.

659.3.-Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4.-Comercio polo miúdo de libros, periódicos, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.

659.5.-Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, relojaría, prataría e bixutaría.

659.6.-Comercio polo miúdo de xoguets, artigos de deporte, roupa de deportivas, de vestido, calzado e lacado, armas, cartucheira e artigos de pirotecnia.

659.7.-Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

661.3.-Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en auto-servizo ou en preselección unha variedade relativamente ampla e pouco profunda de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.

663.-Comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente.

*Resolución do 17 de febreiro de 2005 pola que se adjudican as bolsas para a realización de prácticas no Centro de Supercomputación de Galicia convocadas pola Orde do 1 de decembro de 2004.*

A orde da Consellería de Innovación, Industria e Comercio do 1 de decembro de 2004 (DOG nº 239, do 10 de decembro), aproba as bases da convocatoria de bolsas para a realización de prácticas no Centro de Supercomputación de Galicia para titulados de formación profesional de segundo grao das especialidades/familias profesionais de informática, correspondentes ás accións do programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

Na base oitava da mencionada orde de convocatoria determinábanse os criterios de selección que deberían ter en conta os membros da comisión correspondente.

Na súa virtude, e atendendo á proposta elaborada pola citada comisión, esta consellería

**RESOLVE:**

Primeiro.-Concederlles as bolsas para a realización de prácticas no Centro de Supercomputación de Galicia ás persoas que se relacionan no anexo I desta resolución. As bolsas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 08.05.432A.442.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Segundo.-A dotación económica ascenderá a 900 euros brutos mensuais.

Terceiro.-A duración das bolsas comprende desde o 15 de febreiro de 2005 ata o 31 de decembro de 2005, e poderán prorrogarse, por un máximo de dous anos, en función do aproveitamento do adxudicatario sempre que exista crédito axeitado e suficiente.

Cuarto.-Para os efectos de cubrir as renuncias que poidan producirse a estas bolsas, establécese a lista de suplentes, que figura como anexo II desta reso-

lución. A asignación será feita pola mesma orde en que se citan.

Quinto.-A inobservancia por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde de convocatoria do 1 de decembro de 2004 (DOG nº 239, do 10 de decembro) suporá a perda do dereito a percibir a axuda correspondente.

Sexto.-Contra esta resolución os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, no prazo dun mes que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De non estimaren a interposición deste recurso, poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

#### *Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2005.

P.D. (Orde 21-1-2003)

Jesús Vázquez San Luis

Secretario xeral da Consellería de Innovación, Industria e Comercio

#### *ANEXO I*

Mourelle Romero, José Rogelio .....44817545K  
Aspérez Montes, M<sup>a</sup> del Carmen .....76934539E  
Figueiro Rodríguez, Ramón .....76867868M

#### *ANEXO II*

Calvo Roo, Primitivo .....44807634T  
Argibay Villanueva, Joaquín.....53110379K  
Sieira Pérez, Juan Andrés.....52458964M  
Varela Pérez, Manuel Ángel.....44820128M  
Rey Sayáns, Marcos .....36165233X  
Piñeiro González, Martín .....44832743Q  
Barreiro Mogrovejo, Alejandra M<sup>a</sup> .....44079869R  
Beiroa Rodríguez, Marcos.....44811534J  
Senra Cerdeira, Andrés.....44825481E  
Alonso Cameselle, Pablo .....53184128D  
Andrade Baliño, José .....76865491C  
Martínez Martín, Abrahan.....36172053E  
Gómez Nesta, Felipe.....53172996D  
Ríos Gerpe, Maribel.....33280997C  
Fernández Gómez, Isabel .....71413155H  
Giráldez Graña, Marcela.....73240757V

## **CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

*Resolución do 31 de xaneiro de 2005, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Thyssenkrupp Elevadores, S.A.*

Visto o expediente do convenio colectivo da empresa *Thyssenkrupp Elevadores, S.A.* (código convenio 1504201), que tivo entrada nesta delegación provincial o día 21-12-2004 e subscrito pola parte económica pola empresa e pola parte social polo delegado de persoal o día 16-11-2004, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

#### *ACORDA:*

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, que existe nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 31 de xaneiro de 2005.

Cristina Azpilcueta González  
Delegada provincial da Coruña

Convenio colectivo da empresa *Thyssenkrupp Elevadores, S.A.* para os anos 2004-2005 na provincia da Coruña

Artigo 1º.-Ámbito persoal.

1.1. O presente convenio colectivo afecta os traballadores da empresa *Thyssenkrupp Elevadores, S.A.* na provincia da Coruña.

Non obstante o anterior, aquelas persoas que teñan recoñecidas unhas condicións individuais de carácter económico distintas ás establecidas no presente convenio colectivo, consideraranse excluídas deste no que aos ditos aspectos se refire, aínda que continuarán incluídas nos restantes.

Cando estas condicións económicas individuais supoñan no seu conxunto e cómputo anual unha retribución superior á que correspondería da estrita aplicación do presente convenio colectivo, o incremento salarial que neste se estableza só será vinculante